

A GRANDE ILUSION

[Jean Renoir, 1937]

402

PASES EN NUMAX: 28 de xuño, 3 e 9 de xullo de 2018 | V.O.S.E.

La grande illusion (1937, 114')

Dirección: Jean Renoir

Guión: Jean Renoir, Charles Spaak

Elenco: Jean Gabin, Erich von Stroheim, Pierre Fresnay, Marcel Dalio, Dita Parlo, Jean Dasté, Julien Carette, Georges Péclet, Werner Florian, Sylvain Itkine, Gaston Modot, Jacques Becker

Son: Joseph de Bretagne

Montaxe: Marthe Huguet, Renée Lichtig, Marguerite Renoir

Fotografía: Christian Matras

Música: Joseph Kosma

Dirección de arte: Alexandre Laurié, Raymond Pillon

Vestuario: René Decrais

Produtoras: RAC (Francia)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Francés, alemán, inglés, ruso

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

French Cancan, 1955

El río, 1951

La regla del juego, 1939

La bestia humana, 1938

Una partida de campo, 1936

El crimen del Sr. Lang, 1936

Toni, 1935

Boudu salvado de las aguas, 1932

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1938 (Nomeado a mellor filme)

SINOPSE

Primeira Guerra Mundial (1914-1918). Unha obra sobre a camaradería e as relacións humanas que retrata o día a día duns prisioneiros franceses nun campo de concentración alemán durante a Gran Guerra. Nada máis chegar ao campo, dous oficiais da aviación francesa entéranse de que os seus compañeiros de barracón están a escavar un túnel para fuxir.

«Un clásico antibélico
vividamente humanista»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN ★★★★★



“A grande ilusión fíxose grazas á implicación persoal de Jean Gabin”

Entrevista con Jean Renoir

Por Jacques Rivette e François Truffaut

Vostede ten dito que A grande ilusión naceu dun intercambio de guións entre Julien Duvivier e vostede. En orixe el debía realizar A grande ilusión e vostede La belle équipe. Non. Isto é o que sucedeu. Eu traballaba con Charles Spaak a escribir xa non lembro que, pode que *Los bajos fondos* (1936), e intercambiamos impresións sobre *La belle équipe*. É posíbel, mesmo, que comezásemos a imaxinar xuntos unha historia para ao filme, pode ser, non me lembro con exactitude. En todo caso falamos do filme. E nese momento Spaak e máis eu pensamos que debíamos presentarlle o guión a Duvivier porque era unha historia magnífica para el! Era totalmente do seu pau. Posteriormente Duvivier modificouno, reescribiuno e dirixiuno coa colaboración de Spaak. Mais nunca estivo sobre a mesa a posibilidade real de que eu a filmase.

En canto a *A grande ilusión*, a orixe do filme é unha historia que me contou un camarada que se chamaba durante a guerra axudante Pinsard, máis tarde capitán Pinsard e, durante a rodaxe de *Toni* (1935), cando el se traslada á base de Istres, xeneral Pinsard. E o xeneral Pinsard foi realmente un heroe de guerra,

un tipo que se evadiu sete ou oito veces, polo que tiña o meu recoñecemento. Máis tarde, cando eu estaba a rodar *Toni*, tiñamos avións a facer ruído ao noso pé todo o tempo. Daquela, o produtor Pierre Gaut díxome: «Imos ver o comandante». E mira por onde atópome a Pinsard! Reencontrámonos e volvemente contar as súas historias de evasión. Daquela díxenlle: «Meu vello amigo, se me contas con detalle as túas historias eu podería facer un filme». Puxémonos mans á obra, eu anotei todo nun papel e non é que o filme resultante sexa exactamente o relato do xeneral, mais si foi un punto de partida indispensábel. Nos inicios dun proxecto cómpre que haxa algo que che pique, unha especie de aguillón.

O aguillón d'*A grande ilusión* foron os meus encontros con Pinsard. Daquela, escribín o guión... enfn, escribín unha historia e, cando lle atopei algo de xeito, presenteiilla a Spaak. Dixenlle: «Amigo, estaría ben que me botases unha man. Desta historia pode saír un guión». Estivo de acordo, encontrou a historia moi boa e reescribiuna comigo. Ao rematala presentámosllo ao produtor de *Los bajos fondos*, a quen non lle convencía de todo. Finalmente viaxamos a París. Felizmente a Jean Gabin apaixonoulle o tema e nese momento o filme fíxose posíbel, grazas á implicación persoal de Gabin.

Gabin e máis eu fomos a unha chea de oficinas e despachos, non importaba se o diñeiro viña de Italia, Alemaña, Francia ou América. Mais todos se negaban: «Ah! Unha historia de guerra, será unha brincadeira», e dábannos leccións sobre como tiña que ser a historia. Finalmente coñecemos un mozo, chamado Albert

NA LIBRARÍA NUMAX

Jean Renoir, André Bazin. Paidós, 1999

Jean Renoir, Ángel Quintana. Cátedra, 1998

Jean Renoir, entretiens et propos,

Jean Narboni (de.), 2005

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Kinkéwitch que era o asistente dun home de negocios, Rolmer, que non estivera nunca metido no cinema. Coido que esa é a razón pola que puidemos rematar o filme porque todos os profesionais opúñanse a sacar adiante a historia. Finalmente foi un grande éxito desde a súa estrea.

Extracto de *Jean Renoir, entretiens et propos*, Jean Narboni (Cahiers du Cinema, 2005)

André Bazin

«A xenialidade de Renoir foi propoñernos as máis importantes verdades sociais e morais sen xamais presentalas en forma de tese. Porén, Renoir consegue transmitir ben o que quere dicir: as clases sociais dividen máis realmente as persoas que as fronteiras. Mais estas divisións de clase non resisten a necesidade de amizade e fraternidade.»

Le Parisien Libéré, 14 de outubro, 1958

François Truffaut

«Se, ao contrario que tantos filmes de Jean Renoir, *A grande ilusión* entusiasinou a todo o mundo pode ser porque o filma con 43 anos. Antes, os seus filmes semellan agresivos e xuvenís, e despois desencantados e satíricos. *A grande ilusión*, cómpre lembralo, realizouse en 1937, con algo de atraso sobre o seu tempo se pensamos que, un ano máis tarde, en *El gran dictador*, Chaplin ofrece un fresco do nazismo e das guerras que non ían respectar as regras do xogo...»

François Truffaut, 1967

Traducións: Xan Gómez Viñas

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faito
NUMAX!**